



BASES DO CONCURSO DE RELATOS CURTOS “ASFALrelaTOS” PARA O ALUMNADO DE ESO

Xénero: Relato curto, xuvenil

Premio: Tablet

Aberto a: alumnado de ESO

Entidade que o convoca: STOP ACCIDENTES

Fecha de cierre: 22 de Xuño de 2020

Fecha de fallo del concurso: 15 de Xullo de 2020

Stop Accidentes, a través do seu programa Aulas Activas, convoca o I Concurso de Relatos Curtos "ASFALrelaTOS"

BASES:

1. Participantes

O Concurso vai dirixido ao alumnado da ESO de todo o Estado Español, e estará dividido en catro categorías, correspondentes aos catro cursos da ESO:

A- Categoría 1º De ESO

B- Categoría 2º De ESO

C- Categoría 3º De ESO

D- Categoría 4º De ESO

Serán elixidos, a nivel nacional, tres (3) relatos finalistas de cada categoría por un tribunal interno escollido por Stop Accidentes, cuxos relatos se publicarán na páxina web de Stop Accidentes.

De cada categoría será seleccionado un gañador.

Cada participante pode presentar un máximo de dous (2) relatos.

2. Relatos cortos:

2.1 Os relatos curtos terán como tema focal a seguridade viaria, a mobilidade en tempos de COVID-19, a mobilidade sostible e transversalmente os valores de convivencia que se están traballando durante este período de alarma sanitaria e a súa repercusión na sociedade. Que significan estes valores (RESPECTO, SOLIDARIEDADE E RESPONSABILIDADE) para un mesmo e para a sociedade.

Reflexións:

Comportamentos que poden salvar vidas: as nosas, as da nosa familia e a das persoas que conviven na nosa contorna. Estes valores deben ficar na nosa sociedade como un ben común? Salvaríanse vidas nas estradas sendo responsables, solidarios e respectuosos igual que estamos salvando vidas nesta pandemia quedando na casa, usando luvas, máscaras e respectando o distanciamento social?

Explicar que as nosas accións afectan á nosa contorna e que nós formamos parte de esa contorna. Que podemos facer como sociedade para manter estes valores e que podo facer eu como persoa.

#AcciónsQueSalvanVidas #CeroVítimasNoTráfico #PorUnhaMobilidadeSegura



2.2 Os relatos deberán ser orixinais e inéditos. O relato pode estar escrito en calquera idioma oficial do Estado Español. Se algún dos relatos elixidos para a publicación na páxina web de Stop Accidentes nacional, está escrito ou ilustrado en algunha das linguas cooficiais diferente ao castelán, este será publicado nas dúas versións, lingua na que está escrito ou ilustrado e castelán, facilitando por parte de Stop Accidentes a tradución do mesmo ao castelán.

2.3 A extensión das obras:

- En formato redacción: entre 1000 e 2000 palabras. Marxes de 2,5 cm, espazo interlineal de 1,5 cm, tipo de letra Arial tamaño 12 puntos
- En formato debuxo: Tamaño DIN A4, marxes de 2,5.
- En formato viñetas: máximo 12 viñetas publicadas en 2 DIN A4.
- En formato vídeo: duración máxima 3 minutos. MP4 comprimido.

Os relatos, en calquera formato, deberán aparecer co correspondente título, asinados cun pseudónimo e coa categoría á que pertencen.

2.4 Entrega dos traballos: Entregaranse vía telemática na seguinte dirección: concurso@stopaccidentes.org

Indicando no asunto: CONCURSO DE RELATOS “ASFALrelaTOS”

Irá adxunto un pdf cos seguintes datos: Título da obra, pseudónimo, nome do autor, idade, Comunidade Autónoma, correo electrónico do autor, categoría na que participa, nome do instituto, nome do titor/a e correo electrónico do titor/a ou instituto.

3. Prazos del concurso:

- Inicio da admisión de relatos: 4 de maio de 2020
- Finalización da admisión de relatos: 22 de xuño de 2020
- Fallo del concurso: 15 de xullo de 2020
- Publicación páxina web dos relatos finalistas e relatos gañadores: 20 de xullo de 2020
- Entrega de premios: 22 de xullo de 2020

*las datas de fallo de concurso, publicación en web e entrega de premios, quedan suxeitas a modificación por parte de Stop Accidentes por necesidades de axenda.

Calquera relato recibido con posterioridade á data indicada non entrará no concurso.

Unha vez o xurado seleccione os finalistas e gañadores do concurso, un representante do xurado de Stop Accidentes porase en contacto cos mesmos para facilitar o consentimento de datos persoais, que debe estar asinado polo titor/a legal do alumno/a. En ningún caso se publicará ou entregará un premio a un alumno/a sen o conseguinte consentimento.



4. Xurado.

O xurado estará formado por persoas relacionadas coa mobilidade sostible e seguridade viaria, elixidos pola Organización do Concurso.

A súa decisión será inapelable e poderá declararse deserto algún ou algúns dos premios, se así o cren oportuno, argumentando a súa decisión. A súa resolución farase pública na páxina web de Stop Accidentes (www.stopaccidentes.org) na súa sección de “Actualidad” unha vez os premiados completen e entreguen o consentimento de datos persoais recheo e asinado.

5. Premios.

Entregaranse 4 premios, un por categoría.

Categorías:

- 1º DA ESO: TABLET de 10”.
- 2º DA ESO: TABLET de 10”.
- 3º DA ESO: TABLET de 10”.
- 4º DA ESO: TABLET de 10”.

Un representante de Stop Accidentes poñeráse en contacto cos/as gañadores/as para coordinar a entrega da TABLET de 10”, adaptándonos ao estado de confinamento, distanciamento social ou diferentes situacións marcadas polas autoridades competentes.

En ningún caso os premios poderán ser substituídos por diñeiro ou outra prestación a petición de calquera dos gañadores. Stop Accidentes resérvase, en caso de obrigada necesidade, o dereito de substituír os premios por outros de similares características con un valor máximo de 200€.

6. Cesión de dereitos das obras:

Os traballos premiados quedarán en propiedade exclusiva de Stop Accidentes, reservándose o dereito a realizar unha publicación cos relatos gañadores de cada categoría. Así mesmo, resérvase o dereito de publicar calquera dos relatos recibidos, facendo mención expresa ao autor/a do mesmo e solicitando previamente o consentimento de datos persoais completo e asinado.

7. Aceptación:

La participación neste concurso implica a plena aceptación das súas bases. Poden consultarse na páxina web www.stopaccidentes.org

Organiza:



Colaboran:

